



PEPE CARREIRO

ILUSTRADOR DE BANDA DESEÑADA.
AUTOR DOS BOLECHAS: Tatá, Carlos, Braulio, as xémeas Pil... e o can Chispa.
Comezou en 1977. Foi un dos fundadores de "Can sen dono".



Hai unhas semanas limos o libro "Historia de Galiza" que escribiu Pepe Carreiro, o autor da saga dos "Bolechás", pois ben, o pasado luns, con motivo da "Semana das Letras Galegas", tivemos a gran sorte de poder coñecelo, xa que veu falar conosco sobre o libro e contounos moitas anécdotas divertidas que non aparecen nel, pero que tamén forman parte da nosa historia, como por exemplo, cando nos dixo o medo que colleran os primeiros romanos que chegaron a nosa terra, cando viron esconderse o sol no mar; pensaron que aquel era o lugar onde acababa a Terra.

Empezou pola formación do planeta Terra e a formación dos continentes, os primeiros animais, como morreron eses animais e a evolución da "tecnoloxía", como empezaron a ser sedentarios os seres humanos, os primeiros pobos, que eran os castros que estaban rodeados por un muro redondo, a roupa que levaban os castrexos, o interese dos romanos polas minas de ouro que tiña Galicia e a roupa dos romanos, o intento e a conquista polos romanos, e ao final o comezo das relacións entre os galegos e os romanos.

Tamén nos falou dos seus comezos como debuxante e, de feito, amosounos a súa habilidade debuxando distintos personaxes que aparecen no libro, facíao cunha habilidade increíble, parecía que en toda a súa vida non fixera outra cousa. Isto foi o que máis nos gustou a todos e penso que a obra de Pepe Carreiro sen as súas ilustracións non tería sentido.

Ao final asinou todos os libros que lle levamos e deixounos con ganas de escoitalo un pouco máis.

PAPIROFLEXIA

MIGUEL NÚÑEZ DE ARENA

O Origami ou Papiroflexia, como se lle chama en occidente, é unha arte que se basa na técnica do plegado de papel, para obter figuras e formas decorativas.



OBRADOIROBOT

OBRADOIROBOT. GRUPO DE SISTEMAS INTELIXENTES DA USC.

Como se orienta un robot no espazo? Como mide as distancias? Como pode "ver" os obstáculos que lle rodean?

O día 15 de Maio tivemos unha exhibición robótica organizada por dous membros do Grupo de Sistemas Intelixentes da Universidade de Santiago.

Eles mostráronnos un robot que se desplazaba mediante unhas rodas e "vía" mediante un sistema de

ecolocalización. Este, estaba controlado por unha palanca que se movía en vertical e en horizontal, chamada joystick. As imaxes que vía o robot, transmitíanse a unha pantalla dun ordenador.

Despois desta pequena explicación saímos en grupos de tres persoas a



pilotar o robot por un circuito cerrado. Nesta carreira que duraba 45s por grupo, houbo bastantes choques e colisións. Ó final, houbo tres grupos que conseguiron dar unha volta completa no tempo marcado.

Na nosa vida utilizamos moitos aparellos mecánicos e robóticos. Como este robot existen moitos que se moven

mediante o radiocontrol e que poden facer diversas actividades, axudándonos a facer a nosa vida cotiá máis cómoda e sinxela.

Disfrutei moito nesta exhibición, pois foi moi interesante escoitar as diversas facultades do robot e observar o seu curioso sistema de visión. Tamén me divertín moito pilotando polo circuito.